**n)** Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o manteñemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

## 4. Desenvolvemento dos estándares de aprendizaxe: temporalización, mínimo para a materia e procedementos e instrumentos de avaliación.

***Bloque 1: A biblioteca, punto de acceso á cultura impresa e dixital***

| Estándares de aprendizaxe | Grao mínimo de consecución de cada estándar de aprendizaxe | T 1 | T 2 | T 3 | Criterios de cualificación | CC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| B1.1.1<br>Utiliza a biblioteca do seu centro para cubrir necesidades de lectura e información. | Emprega a biblioteca do centro nalgunha ocasión para ler e buscar información sobre un tema determinado.<br>Rúbrica CSIEE , grao mínimo | X | X | X | Procedementos: Observación sistemática<br><br>Instrumentos: Escala de observación. Rúbrica CSIEE | CD<br>CAA<br>CSIEE<br>CCEC |
| B1.1.2<br>Utiliza a biblioteca do centro na procura de recursos informativos para os seus traballos individuais e grupais. | Acude á biblioteca do centro para conseguir información para elaborar traballos individuais e grupais, ao menos unha vez á semana. | X | X | X | Procedementos: Observación sistemática<br><br>Instrumentos: Escala de observación. | CCL<br>CD<br>CAA |
| B1.2.1<br>Utiliza outros tipos de bibliotecas aos que pode ter acceso no seu contorno máis próximo. | Acude a algunha biblioteca da súa vila ao menos nunha ocasión para acadar información sobre un tema proposto. | X | | | Procedementos: Observación sistemática<br><br>Instrumentos: Escala de observación | CSC |
| B1.3.1<br>Diferencia os documentos informativos en función do seu contido. | Sabe diferenciar minimamente textos en función do seu contido informativo. | X | | | Procedementos: Probas específicas.<br><br>Instrumentos: Proba práctica. Rúbricas CAA, CSIEE | CD<br>CAA<br>CSIEE |
| B1.3.2<br>Acode ás fontes orais de referencia no seu contorno máis próximo para determinadas necesidades informativas. | Recopila algún tipo de información de fontes orais no seu contorno máis próximo.<br>Rúbrica CCL_EE, grao mínimo | X | X | X | Procedementos: Observación sistemática<br><br>Instrumentos: Proba escrita.<br>Rúbricas CCL_EE, CAA | CCL<br>CAA |
| B1.3.3<br>Accede de forma autónoma a contidos audiovisuais, presenciais ou virtuais. | Sabe buscar algunha información de forma autónoma en canto a contidos audiovisuais, presenciais ou virtuais. | X | X | X | Procedementos: Probas específicas .<br><br>Instrumentos: Rúbricas CAA e CSIEE. | CSIEE<br>CAA |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| B1.4.1<br>Distingue as ideas principais das secundarias nos documentos consultados | Identifica e distingue de modo moi elemental ideas principais e secundarias.<br>Rúbrica CCL_EE , grao mínimo | X | X | X | Procedementos: Probas específicas.<br><br>Instrumentos: Proba escrita. Rúbrica CCL_EE | CCL<br>CAA |
| B1.4.2<br>Recupera de forma eficaz contidos informativos dos recursos dixitais. | Sabe recuperar algún contido informativo dos recursos dixitais.<br>Rúbricas CAA, CD , grao mínimo | X | X | X | Procedementos: Probas específicas<br><br>Instrumentos: Proba práctica Rúbricas CAA, CD | CCL<br>CAA<br>CD |
| B1.5.1<br>Identifica e respecta a autoría de textos e imaxes. | Recoñece e respecta o autor ou autora dalgún dos documentos e imaxes consultadas. | | X | X | Procedementos: Probas específicas.<br><br>Instrumentos: Rúbrica CCEC | CSC<br>CAA<br>CCEC |

*Bloque 2: Fontes informativas. Localización e selección.*

| Estándares de aprendizaxe | Grao mínimo de consecución de cada estándar de aprendizaxe | T 1 | T 2 | T 3 | Criterios de cualificación | CC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| B2.1.1<br>Identifica os códigos da CDU polos que están organizados os fondos. | Coñece os códigos da CDU polos que están organizados os fondos da biblioteca. | X | | | Procedementos: Probas específicas.<br><br>Instrumentos: Proba práctica | CCL<br>CAA |
| B2.1.2<br>Recupera fácilmente os documentos que precisa. | Realiza algunha búsqueda e recupera de modo autónomo documentos que precisa.<br>Rúbrica CAA , grao mínimo | X | | | Procedementos: Probas específicas<br><br>Instrumentos:<br><br>Proba práctica<br>Rúbricas CAA, CSIEE | CAA<br>CSIEE |
| B2.2.1<br>Realiza procuras no catálogo por autor/a, título ou materia. | Sabe buscar no catálogo web algún documento que necesita en función do autor/a, título ou materia.<br>Rúbrica CSIEE , grao mínimo | X | | | Procedementos: Observación sistemática<br><br>Instrumentos: Proba práctica Rúbrica CSIEE | CAA<br>CD<br>CSIEE |
| B2.2.2<br>Localiza documentos en función das súas necesidades informativas, no catálogo web da biblioteca. | Sabe localizar algún documento no catálogo web.<br>Rúbrica CSIEE , grao mínimo | X | | | Procedementos:<br><br>Observación sistemática<br><br>Instrumentos: Proba práctica Rúbrica CSIEE | CAA<br>CD<br>CSIEE |
| B2.4.1<br>Usa internet de xeito autónomo para resolver necesidades de información. | Sabe acceder a internet de xeito autónomo na procura dalgún tipo de información.<br>Rúbrica CSIEE, grao mínimo | X | X | X | Procedementos: Observación sistemática<br><br>Instrumentos:<br>Escala de observación.<br>Rúbrica CSIEE | CD<br>CAA<br>CSIE E |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| B2.4.2<br>Utiliza internet valorando as características deste medio en relación a aspectos como a permanencia, a fiabilidade, a veracidade, a organización, selección, gratuidade, a dispoñobilidade, a autoría, etc. | Sabe empregar internet valorando mínimamente características como fiabilidade, veracidade, a organización, selección,… | X | X | X | Procedementos:<br>Observación sistemática.<br><br>Instrumentos:<br>Escala de observación<br>Rúbrica CD | CD |
| B2.5.1<br>Establece un sistema de procura eficaz de información. | Sabe realizar unha búsqueda mínimamente eficaz.<br>Rúbrica CSIEE, grao mínimo | X | X | X | Procedementos:<br>Observación sistemática<br>Instrumentos:<br>Escala de observación<br>Rúbrica CSIEE | CD CAA CSIE E |
| B2.5.2<br>Utiliza palabras clave e aplica estratexias eficaces de procura para localizar información na web. | Emprega nalgunha ocasión palabras clave para facilitar a búsqueda en cuestión.<br>Rúbrica CSIEE, grao mínimo | X | X | X | Procedementos:<br>Observación sistemática<br><br>Instrumentos:<br>Escala de observación<br>Rúbrica CSIEE | CD<br>CAA<br>CSIE E |
| B2.5.3<br>Identifica productos informativos diferentes en función das súas necesidades e dos seus obxectivos de traballo. | Sabe diferenciar algún documento informativo en función das súas necesidades e obxectivos para elaborar o seu traballo.<br>Rúbrica CAA , grao mínimo | X | X | X | Procedementos:<br>Probas específicas<br><br>Instrumentos:<br>Proba práctica<br>Rúbrica CAA | CD<br>CAA |
| B2.5.4<br>Emprega prensa e revistas dixitais como fonte informativa. | Utiliza polo menos algunha vez algún tipo de revista ou periódico como fonte informativa. | X | X | X | Procedementos:<br>Observación sistemática<br><br>Instrumentos:<br>Escala de observación | CD<br>CAA |
| B2.6.1<br>Intervén nas redes sociais creadas no seu centro respectando as finalidades para as que foron creadas: educativas, participativa,… | Participa polo menos nunha ocasión nas redes sociais do centro.<br>Rúbrica CD, grao mínimo | | X | X | Procedementos:<br>Observación sistemática<br><br>Instrumentos:<br>Escala de observación<br>Rúbrica CD. | CD<br>CSC<br>CSIEE |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| B2.7.1<br>Navega por internet con seguridade preservando a súa identidade e a súa privacidade. | Sabe navegar por internet con un mínimo de seguridade preservando a súa identidade e a súa privacidade.<br>Rúbrica CSIEE, grao mínimo | X | X | X | Procedementos:<br>Observación sistemática<br>Instrumentos:<br>Escala de observación<br>Rúbrica CSIEE | CD<br>CSC<br>CSIEE |
| B2.8.1<br>Distingue webs fiables en función de determinados criterios: autoría, data de actualización, tipo de dominio, finalidades, publicidade, contrato, etc. | Sabe diferenciar algunha web fiable en función de determinados criterios: autoría, data de actualización, tipo de dominio, finalidades, publicidade, contrato, etc.<br>Rúbrica CAA , grao mínimo | | X | X | Procedementos:<br>Probas específicas<br><br>Instrumentos:<br>Proba práctica.<br>Rúbrica CAA | CCL<br>CD<br>CAA |
| B2.9.1<br>Emprega as creacións colectivas en internet: wikipedia, galipedia,etc. | Emprega nalgunha ocasión as creacións colectivas en internet: wikipedia, galipedia,etc | X | X | X | Procedementos:<br>Probas específicas<br><br>Instrumentos:<br>Proba práctica | CD<br>CSC |
| B2.10.1<br>Compara a información recollida en diversas fontes informativas na rede. | Compara nalgunha ocasión a información recollida en diversas fontes informativas na rede.<br>Rúbrica CAA , grao mínimo | X | X | X | Procedementos:<br>Observación sistemática<br>Instrumentos:<br>Escala de observación.<br>Rúbrica CAA | CCL<br>CD<br>CAA |
| B2.10.2<br>Contrasta a información recollida na rede con outras fontes orais ou impresas. | Contrasta de modo elemental a a información recollida na rede con outras fontes orais ou impresas.<br>Rúbrica CCL_EE , grao mínimo | X | X | X | Procedementos:<br>Probas específicas.<br>Instrumentos:<br>Proba escrita.<br>Rúbrica CCL_EE | CCL<br>CD<br>CAA |

*Bloque 3: Organizarse para investigar.*

| Estándares de aprendizaxe | Grao mínimo de consecución de cada estándar de aprendizaxe | T 1 | T 2 | T 3 | Criterios de cualificación | CC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| B3.1.1<br>Identifica os obxectivos do traballo de investigación e as súas fases. | Identifica algún dos obxectivos do traballo de investigación e as súas fases.<br>Rúbrica CAA, grao mínimo | X | X | X | Procedementos : Probas específicas<br><br>Instrumentos: Proba práctica. Rúbrica CAA | CAA<br>CSIE E |
| B3.2.1<br>Elabora un esquema do traballo que se vaia realizar. | Sabe elaborar un esquema básico do traballo que se vai a realizar.<br>Rúbrica CCL_EE , grao mínimo | X | X | X | Procedementos : Probas específicas<br><br>Instrumentos: Proba práctica. Rúbrica CCL_EE | CCL<br>CAA |
| B3.3.1<br>Escoita aos integrantes do grupo, garda a quenda de palabra, argumenta as súas opinión e respecta as opinión dos demais. | Sabe escoitar e respectar habitualmente aos integrantes do grupo, gardando a quenda de palabra e argumentando as súas opinións.<br>Rúbrica CCL_EO, grao mínimo<br>Rúbrica CSC , grao mínimo | X | X | X | Procedementos : Observación sistemática<br><br>Instrumentos : Escala de observación. Rúbrica CCL_EO<br>Rúbrica CSC | CCL<br>CAA<br>CSC |
| B3.3.2<br>Contribúe á distribución de tarefas e responsabilízase das que lle corresponden. | Contribúe nalgunha ocasión á distribución de tarefas e responsabilízase das que lle corresponden.<br>Rúbrica CSC, grao mínimo | X | X | X | Procedementos : Observación sistemática<br>Instrumentos: Escala de observación<br>Rúbrica CSC | CAA<br>CSC |
| B3.4.1<br>Formula preguntas sobre o tema sobre o que vai a investigar. | Formula algunha pregunta sobre o tema sobre o que vai a investigar. | X | X | X | Procedementos : Observación sistemática<br>Instrumentos: Escala de observación. | CCL<br>CAA |
| B3.5.1<br>Concreta os conceptos clave que van guiar o traballo de procura de información. | Concreta algún concepto clave que vai guiar o traballo de procura de información.<br>Rúbrica CAA , grao mínimo | X | X | X | Procedementos : Probas específicas<br><br>Instrumentos: Proba práctica. Rúbrica CAA | CCL<br>CAA |

*Bloque 4: Procura e tratamento da información.*

| Estándares de aprendizaxe | Grao mínimo de consecución de cada estándar de aprendizaxe | T 1 | T 2 | T 3 | Criterios de cualificación | CC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| B4.1.1 Identifica o tipo de información que precisa en función duns obxectivos. | Identifica algún tipo de información que precisa en función duns obxectivos. Rúbrica CAA, grao mínimo | X | X | X | Procedementos: Probas específicas<br><br>Instrumentos: Proba práctica. Rúbrica CAA | CCL CD CAA |
| B4.1.2 Localiza os recursos disponibles e acordes á súa necesidade informativa. | Sabe localizar algún dos recursos disponibles e acordes á súa necesidade informativa. Rúbrica CAA , grao mínimo | X | X | X | Procedementos: Probas específicas<br><br>Instrumentos: Proba práctica. Rúbrica CAA | CCL CD CAA |
| B4.1.3 Concreta o proceso de procura de información. | Concreta dun modo elemental o proceso de procura de información Rúbrica CAA , grao mínimo | X | X | X | Procedementos : Observación sistemática Instrumentos: Escala de observación. Rúbrica CAA | CCL CD CAA |
| B4.1.4 Escolle os recursos informativos que precisa de forma eficaz. | Escolle os recursos informativos que precisa de forma suficientemente eficaz. | X | X | X | Procedementos : Observación sistemática<br><br>Instrumentos : Escala de observación | CCL CD CAA |
| B4.2.1 Comprende e analiza textos continuos e descontinuos e sabe extraer as ideas principais. | Comprende e analiza algún texto continuo e descontinuo e sabe extraer algunha das ideas principais. Rúbrica CCL_EE , grao mínimo Rúbrica CAA , grao mínimo | X | X | X | Procedementos: Probas específicas<br><br>Instrumentos: Proba escrita Rúbrica CCL_EE Rúbrica CAA | CCL CD CAA |
| B4.2.2 Deduce información implícita ou explícita dos contidos audiovisuais e dos textos dos medios de comunicación. | É capaz de deducir algún tipo de información implícita ou explícita dos contidos audiovisuais e dos textos dos medios de comunicación. Rúbrica CCL_EE , grao mínimo Rúbrica CAA , grao mínimo | | X | X | Procedementos: Probas específicas<br><br>Instrumentos: Proba escrita Rúbrica CCL_EE Rúbrica CAA | CCL CD CAA |

| Estándares de aprendizaxe | Grao mínimo de consecución de cada estándar de aprendizaxe | T 1 | T 2 | T 3 | Criterios de cualificación | CC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| B4.3.1<br>Selecciona a información tras valorala seguindo uns determinados criterios (pertinencia, veracidade, fiabilidade,etc.) | Sabe seleccionar mínimamente a información tras valorala seguindo uns determinados criterios (pertinencia, veracidade, fiabilidade,etc.)<br>Rúbrica CCL_EE , grao mínimo<br>Rúbrica CAA , grao mínimo | X | X | X | Procedementos: Probas específicas<br><br>Instrumentos:<br>Proba escrita<br>Rúbrica CCL_EE<br>Rúbrica CAA | CCL<br>CD<br>CAA |
| B4.4.1<br>Sintetiza a información atopada en función dos obxectivos do traballo. | Sabe sintetizar dun modo básico a información atopada en función dos obxectivos do traballo.<br>Rúbrica CCL_EE, grao mínimo<br>Rúbrica CAA , grao mínimo | X | X | X | Procedementos: Probas específicas<br><br>Instrumentos:<br>Proba escrita<br>Rúbrica CCL_EE<br>Rúbrica CAA | CCL<br>CD<br>CAA |
| B4.5.1<br>Compila as fontes consultadas e citaas correctamente. | Compila algunha das fontes consultadas e citaas correctamente.<br>Rúbrica CCEC, grao mínimo<br>Rúbrica CAA , grao mínimo | X | X | X | Procedementos : Observación sistemática<br><br>Instrumentos:<br>Proba escrita<br>Rúbrica CCEC<br>Rúbrica CAA | CCL<br>CD<br>CAA<br>CSC<br>CCEC |

***Bloque 5: Xeración de contidos e comunicación.***

| **Estándares de aprendizaxe** | **Grao mínimo de consecución de cada estándar de aprendizaxe** | **T 1** | **T 2** | **T 3** | **Criterios de cualificación** | **CC** |
|---|---|---|---|---|---|---|
| B5.1.1<br>Realiza esquemas, mapas conceptuais, guións, etc, para organizar a información recuperada. | Sabe elaborar dun modo elemental esquemas, mapas conceptuais, guións, etc, para organizar a información recuperada.<br>Rúbrica CCL_EE , grao mínimo<br>Rúbrica CAA , grao mínimo | X | X | X | Procedementos: Probas específicas<br><br>Instrumentos: Proba práctica.<br>Rúbrica CCL_EE<br>Rúbrica CAA | CCL<br>CD<br>CAA |
| B5.2.1<br>Representa mediante gráficos, diagramas, cadros de dobre entrada, organigramas, etc. parte da información recuperada. | Sabe representar mínimamente algunha información mediante gráficos, diagramas e organigramas. | | X | X | Procedementos: Probas específicas<br><br>Instrumentos: Proba práctica | CCL<br>CD<br>CAA |
| B5.3.1<br>Elabora guións para estruturar os textos creados a partir da información reunida. | Elabora algún guión para estruturar os textos creados a partir da información reunida.<br>Rúbrica CCL_EE , grao mínimo<br>Rúbrica CAA , grao mínimo | X | X | X | Procedementos: Probas específicas<br><br>Instrumentos: Proba práctica.<br>Rúbrica CCL_EE<br>Rúbrica CAA | CCL<br>CD<br>CAA |
| B5.4.1<br>Presenta os seus traballos segundo unhas pautas consensuadas: paxinación, índice, bibliografía ,etc. | Presenta os traballos seguindo un mínimo de pautas: portada, paxinación, índice, bibliografía.<br>Rúbrica CCL_EE_EO , grao mínimo<br>Rúbrica CAA , grao mínimo | X | X | X | Procedementos : Elaboración dos traballos.<br><br>Instrumentos: Exposición dos traballos.<br>Rúbrica CCL_EE_EO<br>Rúbrica CAA | CCL<br>CD<br>CAA |
| B5.4.2<br>Elabora textos propios mediante un procesador de textos. | Elabora textos propios empregando algún procesador de textos.<br>Rúbrica CCL_EE , grao mínimo<br>Rúbrica CD , grao mínimo | X | X | X | Procedementos : Realización de textos.<br>Instrumentos: Proba escrita.<br>Rúbrica CCL_EE<br>Rúbrica CD. | CCL<br>CD |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| B5.5.1<br>Elabora material de apoio para as súas presentación orais. | Sabe elaborar un material básico de apoio para as súas presentación orais<br>Rúbrica CCL_EE_EO , grao mínimo<br>Rúbricas CD, CCEC , grao mínimo | X | X | X | Procedementos:<br>Probas específicas.<br><br>Instrumentos:<br>Proba práctica.<br>Rúbrica CCL_EE_EO<br>Rúbricas CD, CCEC | CCL<br>CD |
| B5.5.2<br>Realiza sinxelas presentacións para amosar o resultado dos seus traballos de investigación. | Realiza exposicións dun modo básico para amosar o resultado dos seus traballos de investigación.<br>Rúbrica CCL_EE_EO , grao mínimo<br>Rúbrica CD , grao mínimo | X | X | X | Procedementos:<br>Exposición do traballo.<br><br>Instrumentos:<br>Rúbrica CCL_EE_EO<br>Rúbrica CD | CCL<br>CD<br>CAA |
| B5.6.1<br>Cita con corrección os libros consultados. | Cita con un mínimo de corrección algún dos libros consultados.<br>Rúbrica CCEC , grao mínimo | X | X | X | Procedementos:<br>Observación sistemática.<br>Instrumentos:<br>Escala de observación<br>Rúbrica CCEC | CAA<br>CD<br>CSC<br>CCEC |
| B5.6.2<br>Segue unha pauta para facer a referencia de artigos de revistas, música, películas, páxinas de internet, autoría de imaxes,etc. | Segue unha pauta mínima para facer a referencia de artigos de revistas, música, películas, páxinas de internet, autoría de imaxes,etc<br>Rúbrica CCL_EE , grao mínimo<br>Rúbrica CCEC, grao mínimo | X | X | X | Procedementos:<br>Observación sistemática<br><br>Instrumentos: Escala de observación<br>Rúbrica CCL_EE<br>Rúbrica CCEC | CCL<br>CD<br>CAA<br>CSC |
| B5.7.1<br>Incorpora imaxes aos seus traballos de investigación. | Incorpora algunha imaxe aos seus traballos de investigación.<br>Rúbricas CD, CCEC , grao mínimo | X | X | X | Procedementos:<br>Observación sistemática.<br>Instrumentos:<br>Proba práctica<br>Escala de observación<br>Rúbricas CD, CCEC | CD<br>CCE C |
| B5.8.1<br>Respecta unhas pautas mínimas na producción de textos dixitais | Sabe respectar unhas pautas mínimas na producción de textos dixitais<br>Rúbrica CD , grao mínimo | X | X | X | Procedementos:<br>Observación sistemática.<br><br>Instrumentos:<br>Proba práctica<br>Rúbrica CD | CCL<br>CD |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| B5.9.1<br>Participa na presentación oral dos traballos elaborados. | Participa como mínimo unha vez no trimestre na presentación oral dos traballos elaborados<br>Rúbrica CCL_EO , CSIEE , grao mínimo | X | X | X | Procedementos:<br>Exposición oral dos traballos.<br>Instrumentos:<br>Proba oral.<br>Rúbrica CCL_EO, CSIEE | CCL<br>CSIE E |
| B5.9.2<br>Defende con argumentos as opinións e respecta o traballo alleo. | Defende con algún argumento as opinións e respecta o traballo alleo.<br>Rúbrica CSC<br>Rúbrica CCL_EO , grao mínimo<br>Rúbrica CSIEE, grao mínimo | X | X | X | Procedementos:<br>Observación sistemática<br><br>Instrumentos: Escala de observación<br>Rúbrica CSC<br>Rúbrica CCL_EO,<br>Rúbrica CSIEE | CCL<br>CSC<br>CSIE E |
| B5.9.3<br>Escoita con atención as presentación dos compañeiros e das compañeiras, e valora con argumentos o seu traballo. | Escoita con un mínimo de atención as presentación dos compañeiros e das compañeiras, e valora con algún argumento o seu traballo.<br>Rúbrica CSC , grao mínimo<br>Rúbrica CCL_EO , grao mínimo | X | X | X | Procedementos:<br>Observación sistemática.<br><br>Instrumentos: Escala de observación.<br>Rúbrica CSC.<br>Rúbrica CCL_EO | CCL<br>CSC |
| B5.10.1<br>Avalía, a través dos instrumentos que se lle ofrecen, a súa participación no proceso dun traballo de investigación, individual ou grupal | Avalía, dun modo básico, a súa participación no proceso dun traballo de investigación, individual ou grupal. | X | X | X | Procedementoss:<br>Probas específicas<br><br>Instrumentos:<br>Test de avaliación. | CAA<br>CSIE<br>E |
| B5.10.2<br>Identifica e valora as aprendizaxes realizadas. | Sabe identificar e valorar mínimamente algunha das aprendizaxes realizadas. | | X | X | Procedementos:<br>Probas específicas<br><br>Instrumentos:<br>Proba práctica | CAA<br>CSIE<br>E |
| B5.10.3<br>Valora con criterio e respecto o traballo das outras persoas. | Valora con un mínimo de criterio e respecto o traballo das outras persoas. | X | X | X | Procedementos:<br>Observación sistemática.<br><br>Instrumentos:<br>Escala de observación | CAA<br>CSC |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| B5.10.4<br>Incorpora as aprendizaxes realizadas a novos procedementos de traballo e de relación no medio escolar e social. | Sabe incorporar as aprendizaxes realizadas a algún dos novos procedementos de traballo e de relación no medio escolar e social.<br>Rúbrica CSIEE , grao mínimo | | X | X | Procedementos:<br>Observación sistemática<br>Instrumentos:<br>Escala de observación<br>Rúbrica CSIEE | CAA<br>CSIE<br>E |

## 5. Metodoloxía.

A metodoloxía responde a traballos por proxectos, a máis adecuada para esta materia para garantir o tratamento de tódolos contidos previstos e a adquisición dos estándares de avaliación que se propoñen. Esta materia non se pode abordar de maneira lineal nin teórica. Non se trata de desenvolver os bloques como compartimentos estancos ou propostas diferenciadas. Ao contrario, o desenvolvemento da competencia informacional require o diseño de situacións contextualizadas que obriguen á resolución dun problema ou á realización dun producto, textual ou audiovisual, como resposta a unha necesidade de información.

A metodoloxía de proxectos ( en cada avaliación o alumnado presentará un traballo individual e colaborarán asimesmo nun grupal) resulta a máis adecuada para a adquisición dos estándares de avaliación que se propoñen, pois requiren a identificación dunha necesidade informativa, a planificación e a distribución de tarefas entre os membros dun grupo, a realización de pequenas investigacións e tarefas integradas de cara á elaboración dun producto final que necesitamos comunicar. Os traballos de investigación de carácter interdisciplinar, que responden á metodoloxía de proxectos ou problemas, enfrentan ao alumnado a situacións de contacto con información para as cales debe desenvolver coñecementos, habilidades e actitudes complexas.

Traballar este tipo de proxectos axudaralles non soamente a adquirir habilidades de uso, tratamento e producción de información: permitiralles construir o seu propio coñecemento e adquirir competencia de aprender a aprender, entre outras. É por isto polo que se intentará o tratamento dos contidos propostos a partir dun tópico, un problema ou a necesidade de coñecer, comprender e comunicar os seus descubrimentos, sobre unha situación do seu contexto máis próximo ou doutras realidades ás que pode acceder o alumnado.

O proceso de xestión da búsqueda, recuperación, análise, tratamento, comunicación e aplicación alcanzarán diferentes niveis de complexidade adaptándose á situación informativa que se diseñe ao nivel competencial do alumnado.

## 6. Materiais e recursos didácticos.

Non contamos con un libro de texto para esta materia. O ensino da mesma terá lugar nas **aulas de ordenadores** e nalgunhas ocasións na biblioteca, coñecendo e empregando os recursos nela dispoñibles.

Unha ferramenta indispensable nesta materia é un **pendrive**, que deberán traer sempre ás aulas.

Ademais requeriremos do acceso a unha conta de **correo electrónico** (sexa propia do alumnado ou xestionada pola familia).

## 7. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.

As competencias e estándares de aprendizaxe adquiridos polo alumnado serán avaliados e cualificados atendendo aos resultados das probas específicas e/ou traballos requeridos así coma aos resultados das rúbricas pertinentes. Indicamos a continuación o valor de cada competencia traballada nesta materia tendo en conta o número de estándares que teñen asociados no currículo:

| | CAA | CD | CSIEE | CSC | CCL (EE) | CCL(EO) | CCEC | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| % | 30 | 25 | 15 | 10 | 10 | 5 | 5 | 100 |
| NOTA | | | | | | | | |

- Farase unha **recuperación** de cada avaliación no seguinte trimestre para o alumnado que non acadara un 5 na súa cualificación. Ó final do curso (en xuño), farase unha recuperación para os alumnos que non puidesen superar unha ou dúas avaliacións. Estas recuperacións consistirán na entrega e/ou exposición dalgún traballo co que poidan recuperar os estándares ou competencias necesarias para superar a materia. A profesora indicará o tema do traballo e o prazo de entrega.
- O alumnado que de forma continuada non asista ás clases inxustificadamente, será difícil que acade unha cualificación positiva, xa que ao ser unha avaliación continua, non se poderá realizar un seguimento adecuado da traxectoria do alumno.

  Sempre que a porcentaxe da **NON ASISTENCIA** sexa superior ao 50% das sesións do trimestre, terán que realizar probas obxectivas, ademais, dunha serie de traballos relacionados coa materia tratada, e a presentación do caderno con todas as actividades realizadas tanto na aula como nas actividades de fóra do aula, durante as súas faltas de asistencias.
- En caso de **copia e/ou plaxio** nalgunha das probas:

  - Retirarase dita proba/traballo e cualificarase cunha nota de 0. Esta medida poderá adoptarse a posteriori se a detección do fraude se comproba despois dos feitos. O prazo para a comunicación e aplicación desta norma será ata a entrega da nota ao alumnado.

  - Para recuperar esa proba, seguirase o mesmo procedemento que para o resto do alumnado

suspenso, indicado no punto anterior.

- Esta medida será válida para a copia, plaxio, usurpación de identidade ou calquer outra falsificación detectada en calquer instrumento de cualificación: traballos individuais ou en grupo, exames, exposicións, etc.

- A medida será extensible ao alumnado que colabore por acción ou omisión nesta acción: deixarse copiar, facer traballos a outras persoas, etc.

- Estas accións poderán tipificarse como falta leve no RRI do centro e como tales notificaranse á familia e a Xefatura de Estudos. A reiteración será considerada como falta grave.

- A **cualificación final ordinaria** obterase facendo a nota media das cualificacións obtidas nas tres avaliacións, sempre que estas non sexan inferiores a 5, caso no que non se fará a media e a persoa deberá examinarse de novo na convocatoria de setembro.
- Na **convocatoria de setembro** o alumnado que non superara a materia deberá entregar e expoñer un traballo de investigación seguindo as pautas marcadas pola profesora en xuño que se avaliará atendendo as rúbricas de avaliación de competencias correspondentes.

## 8. Indicadores para avaliar o proceso de ensinanza e a práctica docente.

Empregaremos a seguinte táboa para valorar o proceso de ensino e a práctica docente no que o 1 é o nivel máis baixo (pobre) e 4 o máis alto (moi bo).

| | 1 | 2 | 3 | 4 |
|---|---|---|---|---|
| Grao de cumprimento da programación. | | | | |
| Resultados obxectivos do alumnado. | | | | |
| Adecuación da temática dos traballos propostos. | | | | |
| Eficacia da metodoloxía. | | | | |
| Adecuación do espazo de traballo (biblioteca, aula de ordenadores, etc) | | | | |
| Funcionamento da sección bilingüe. | | | | |
| Coordinación e traballo coa persoa auxiliar de conversa. | | | | |

## 9. Organización de actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

Para avaliar a materia pendente, os alumnos e alumnas terán que presentar tres traballos, un por cada avaliación, que a profesora determine deseñando actividades e exercicios sobre os estándares de aprendizaxe máis fundamentais. A nota media dos traballos será a nota final da avaliación da materia pendente. No caso de non acadar o cinco, terán que realizar unha proba ou expoñer un traballo en Maio, no que se avaliarán os estándares de aprendizaxe mínimos propostos pola profesora.

Na convocatoria de setembro o alumnado que non superara a materia deberá entregar e expoñer un traballo de investigación seguindo as pautas marcadas pola profesora en xuño.

## 11. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos resultados.

A avaliación inicial realizarase durante a primeira quincena do curso para obter información sobre a situación do alumnado, e para detectar a presenza de erros conceptuais que actúen como obstáculos para a aprendizaxe posterior. Isto levará unha atención ás súas diferenzas e unha metodoloxía adecuada para cada caso.

Os procedementos e instrumentos que se empregarán para a realización da avaliación inicial serán:

- Enquisa sobre a súa competencia informacional (uso de ferramentas web, programas, correo,etc).
-Entrevistas xerais e/ou individuais.
- Observación sistemática do alumnado na súa actitude e realización de tarefas.

## 12. Medidas de a tención á diversidade.

O proceso de ensinanza desta materia permite unha atención individualizada do alumnado, tanto no traballo en clase cos ordenadores coma a través do correo ou outras plataformas coas que nos comunicamos.

Ao longo do curso trataremos de diagnosticar posibles dificultades na comprensión e realización de tarefas, no comportamento social, na adquisición de competencias, no uso das novas tecnoloxías, etc e actuaremos en consecuencia, por exemplo: con posibles reforzos, explicacións individualizadas, reunións fóra da hora de clase, etc.

## 13. Elementos transversais da programación.

Moitos dos proxectos propostos nesta materia xirarán en torno a conmemoracións relacionadas coa **convivencia pacífica e a loita contra as inxustizas sociais**: Día Internacional Contra a Violencia Machista, Dereitos Humanos, Día da Non-Violencia e a Paz, etc.

Colaboraremos ademais na realización de xornadas culturais a nivel de centro que neste curso serán:

- **3 de decembro** : Día Internacional de las Persoas con Discapacidade

- **9 ao 13 de marzo** : Día da Prensa

- **Xornada Cultural polas Letras Galegas**

O alumnado desta materia realizará diferentes traballos de investigación relacionados coa temática e realizarán unha exposición oral coa información recopilada. Elaborarase ademais un mural coas imaxes e a información importante de cada tema proposto que será exposto no centro.

## 14. Actividades complementarias e extraescolares.

No inicio do curso faremos unha **dinámica de grupo na biblioteca** co fin de coñecer os principios básicos de organización da mesma: CDU, etiquetas, procura no catálogo, etc Ademais practicarán a colocación e búsqueda de libros.

Ademais das conmemoracións mencionadas no punto anterior, celebraremos o **Día da Biblioteca, 24 de outubro**, facendo un traballo e exposición de Bibliotecas do Mundo.

Contemplaremos a posibilidade de facer unha **visita a unha biblioteca da contorna** para poder realizar búsquedas fóra do centro escolar.

## 15. Procedementos de revisión, avaliación e modificación da programación.

Valoraremos a adecuación de obxectivos, contidos e criterios de avaliación á realidade do alumnado.

Comprobaremos se as avaliacións das materias inclúen o grao de desenvolvemento das competencias básicas, se a metodoloxía empregada é coherente cos obxectivos previstos, se se aplicaron as medidas de atención á diversidade de forma axeitada, e se as aprendizaxes do alumnado con relación ao previsto están axustadas.

Comprobaremos se o grao de desenvolvemento das programacións docentes foi suficiente e se a

coordinación entre o profesorado se considera que cumpre as expectativas iniciais.

Para valorarmos a nosa propia programación e realizar as reformas necesarias co fin de mellorala, usaremos como ferramenta esta táboa:

| | 1 | 2 | 3 | 4 |
|---|---|---|---|---|
| **Organizáronse os estándares en relación ás distintas unidades de programación.** | | | | |
| **Están correctamente asociados estándares e instrumentos de avaliación.** | | | | |
| **Deseñouse a avaliación inicial e definiuse que facer cos seus resultados.** | | | | |
| **Medidas de atención á diversidade: Tívose en conta medidas xerais de intervención educativa.** | | | | |
| **Definíronse programas de apoio, reforzo, recuperación e ampliación vinculados aos estándares.** | | | | |
| **Hai estratexias para inserir as TIC no proceso de ensino.** | | | | |
| **Aplícase a metodoloxía didáctica acordada.** | | | | |
| **Os estándares imprescindibles están identificados.** | | | | |
| **Tratamento preciso dos temas transversais.** | | | | |
| **Actividades extraescolares e complementarias** | | | | |

En O Grove, a 17 de setembro de 2019.

Asdo.Marta Fernández Padín
Xefa do Departamento